



OURENSE, TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 24-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA; INFANTIL

Equipos participantes: C.W. SANTIAGO -- C.W. FERROL

Día, hora e lugar: 13/4/24; 16:30; STA. ISABEL.

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 17/4/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"En el minuto 2:22 del primer periodo, se muestra tarjeta amarilla al entrenador del equipo visitante (CM Ferrol), D. V.G. Lázaro Guerrero, con número de licencia 1005819, por protestar una decisión arbitral sobrepasando la línea de los 6 metros. En el minuto 0:00 del tercer periodo, (es decir, justo en el momento en que terminó el tercer periodo), se muestra tarjeta roja al entrenador del equipo visitante (CM Ferrol), D V.G. Lázaro Guerrero, con número de licencia 1005819, por dirigirse a un colegiado en los siguientes términos: "¡ESPABILA!"."

FEITO SEGUNDO: O día 30 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FEITO TERCEIRO: Realizáronse alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada.

Das alegacións realizadas ningunha desvirtúa o motivo do presente expediente sancionador, especialmente a vista de que a conducta típica que motiva o mesmo é a de protestar decisións arbitrais. Así mesmo, o mesmo adestrador, previamente e con carácter firme, fóronlle impostas sancións por feitos similares nos expedientes sancionadores nº 21/24 e 22/24, no que os árbitros eran distintos.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: Estipula o artigo 12 que considerárase, en todo caso, como circunstancia agravante da responsabilidade deportiva, a reincidencia. Existirá reincidencia cando o autor fose sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, ou por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade de que nese suposto se trate.

RESOLUCIÓN

Impor ó adestrador do equipo visitante (CM Ferrol), D. V.G. Lázaro Guerrero, con número de licenza 1005819, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN LEVE, computada na súa metade, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR TRES ENCONTROS DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente